



**APROPIGA**

**Asociación Profesional do Servizo Público de Prevención e Defensa  
Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia (Spdcif)**

Antigo Grupo Escolar, Local 3. A Devesa, Codeseda, 36684 A Estrada, Pontevedra

Contacto: 689 394 934 – 609734398

info@apropiga.org

## **ASUNTO: Nota de prensa sobre o cese de traballadores fixos descontínuos de 3 meses.**

A Consellería de Medio Rural fixo público onte 30 de setembro, día no que remata o período de alto risco de incendios en Galicia, que as queimas de restos agrícolas e forestais amoreados seguen prohibidas en Galicia ata novo aviso, tendo en conta as condicións meteorolóxicas actuais e as previsións para os vindeiros días. Este anuncio coincide co cese de 436 profesionais do Servizo Público de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (Spdcif) da Xunta de Galicia que **o deron todo durante esta dura campaña** e que son cesados a pesar de que seguen a ser necesarios diante das previsións que establece a propia consellería.

O anuncio da prohibición da realización de queimas ten lugar porque o período de incendios segue latente como demostran os lumes que están tendo lugar en Galicia nestes días. Fronte ás falsas informacións da Xunta de Galicia que aseguran que os medios dispoñibles son suficientes tralo cese dos 436 profesionais hai que aclarar que estes traballadores pertencen a categorías fundamentais na organización, detección e loita directa contra os incendios. **Estamos a falar de emisoristas dos centros de coordinación, bombeiros forestais nas brigadas helitransportadas, vixilantes fixos fundamentais para detectar os incendios, condutores de vehículos motobomba cuxo cese vai motivar que haxa vehículos de loita contra incendios parados.**

Dende Apropiga, esiximos que estes traballadores non sexan cesados e que se arbitren medidas para que o seu traballo se prorrogue no tempo aproveitando as súas capacidades non só nas labores de extinción, senón para as necesarias labores de prevención que se deben desenvolver nos períodos de baixo risco. Neste eido, o das necesarias medidas de prevención durante os períodos de baixo risco de incendios, **instamos á consellería a que poña fin á precariedade dos traballadores do Spdcif fixos descontínuos de 3 meses que van ser cesados agora, así como ós que respecta ós traballadores de 9 meses** que rematarán a súa actividade na loita e prevención contra os incendios forestais ó ser cesados o próximo mes de novembro.

Tampouco resulta comprensible que, namentres os traballadores do Servizo Público (Spdcif) da consellería de Medio Rural son cesados, continúen operativos os medios contratados a través de entes públicos ou empresas privadas.

Un servizo público profesionalizado de prevención e loita contra os incendios forestais en Galicia, non pode basearse na precarización dos seus traballadores. **Un modelo eficaz non pode basearse na fragmentación, a privatización e a precarización dos seus traballadores, senón nun modelo público e único, o Spdcif.**

1 de outubro de 2017